

REGULAMENTO DE EXPLOTACION DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DO GROVE

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.

Os Puntos Limpos son recintos ubicados no entorno das cidades, co obxectivo fundamental de servir ós cidadáns como centro de aportación voluntaria para a recollida selectiva dos residuos xerados no ámbito domiciliario. Están dotados de contenedores específicos para os distintos tipos de refugallos susceptibles de entrar nos circuitos de reutilización e reciclaxe, e para aqueles que, debido ás súas características tóxicas ou perigosas, deben ser xestionados de acordo coa lexislación vixente nesta materia.

ARTIGO 2.

OBXECTIVOS.

Cabe destacar como obxectivos fundamentais:

1. Recuperación dos materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe directa (vidro, cartón, envases....).
2. Evitar o vertido incontrolado de voluminosos (mobles, electrodomésticos, escombros....).
3. Separar os residuos perigosos xerados no fogar dos que a eliminación conxunta co resto dos lixos urbanos ou mediante o seu vertido á rede de saneamentos, representaría un risco para o medio ambiente e a saúde pública (pilas, fluorescentes,...).
4. Redución do volume dos residuos a tratar ou eliminar nos vertedoiros controlados.

ARTIGO 3.

TIPOLOXÍA DOS RESIDUOS ADMISIBLES NO PUNTO LIMPO.

Os diferentes residuos admisibles no punto limpo estarán debidamente identificados por medio dos correspondentes carteis, co gallo de facilitar o seu depósito nos contedores.

Residuos especiais:

- fluorescentes e luminarias de vapor de mercurio,
- disolventes, vernices e pinturas.
- pilas e baterías,

- aerosoles.
- frigoríficos e electrodomésticos con CFC's, televisores, monitores e fornos microondas,
- aceites minerais e vexetais, usados, procedentes dos particulares.

2. Residuos municipais e asimilables:

- papel e cartón,
- vidro. envases de plástico, bricks e latas, residuos metálicos, outros electrodomésticos (lavadoras, lavavajillas,...).

3. Outros residuos:

- escombros de pequenas reparacións,
- residuos voluminosos (mobles, colchóns,...), restos de podas e cortes.
- Roupa e calzado, cristal, louza.

TÍTULO II

REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN.

ARTIGO 4.

Do xestor autorizado.

- O concello deberá especificar e garantir a xestión de todos e cada un dos residuos admitidos no Punto Limpo, a través da empresa con acreditación de xestor autorizado para este tipo de residuos.

ARTIGO 5.

Do responsable da instalación.

- Deberá designarse un responsable durante as horas de apertura, particularmente cando se acepten residuos especiais.
- O responsable deberá ter un control continuo da instalación, mantendo un rexistro diario, comprobando e verificando ós recibos de pago da taxa de admisión de residuo, supervisando a adecuada separación de cada residuo no contenedor correspondente e informando das incidencias que observe.

ARTIGO 6.

Do control do Punto Limpo.

- Realizarase periodicamente un control do estado e grao de reempazamento dos contenedores.
- Os residuos recollidos serán periodicamente evacuados as

instalacións de tratamento ou de valorización adecuadas e autorizadas.

- Non se aceptará calquera operación de recuperación fóra do recinto do Punto Limpo.
- O control do Punto Limpo non se delimitará só ó propio Punto Limpo e o seu espazo físico. senón que cabe a avaliación de toda a xestión en conxunto, e especificamente o destino dos residuos.
- A xestión do Punto Limpo deberá ser axil para obter o grao de reciclaxe máis elevado posible.

ARTIGO 7.

Do horario e días de apertura.

- Como norma xeral, deberase adecuar os horarios e días de apertura ás necesidades da poboación, para facilitarlles o acceso.
- É recomendable que as instalacións do Punto Limpo estén abertas durante o fin de semana, como mínimo o sábado, e que os horarios se estendan parcialmente fora dos horarios laborais convencionais, co gallo de permitir unha maior frecuentación.

ARTIGO 8.

5. Das cantidades de residuos admisibles:

RESIDUO	CANTIDADE
Aceite de motor	5 litros
aceite vexetal	5 litros
aerosoles	10 unidades
escombros	25 kilos
frigoríficos	1 unidade
madeiras	60 kilos ou 1 moble
pinturas. disolventes e barnices	1 kilo
electrodomésticos	2 unidades
fluorescentes	3 unidades
medicamentos	1 kilo
baterías	2 unidades
colchóns	2 unidades

ARTIGO 9.

Dos rexistros.

O responsable da instalación realizará un rexistro dos seguintes aspectos:

- Entrada de usuarios especificando a hora,
- natureza e data de retirada dos residuos evacuados,
- incidencias e reclamacións,
- facturación,
- documentación dos transportes.

ARTIGO 10.

Dos contenedores.

- Os residuos serán depositados directamente polos particulares e de maneira selectiva nos contenedores específicos de cada categoría de residuos.
- Cabe considerar as puntas de asistencia ó Punto Limpo e valeirar perventivamente aqueles contenedores que poidan provocar desbordamento.

ARTIGO 11

Dos residuos especiais.

- Como norma xeral, a explotación do servizo do Punto Limpo garantizará a xestión dos residuos de acordo coa lexislación vixente. A manipulación dos residuos no Punto limpo ten que evitar a mestura dos diferentes residuos e o vertido accidental das sustancias contaminadas ó medio ambiente.
- As empresas encargadas do transporte e tratamento dos residuos deberán estar autorizadas a tal efecto e presentarán a documentación de control e seguimento establecida.
- No caso dos disolventes, pinturas e barnices, advertirase ó público dos riscos e da prohibición formal de mesturar as diferentes sustancias con outras de características diferentes. No momento da súa retirada, gardaranse as medidas necesarias para evitar o seu vertido. Idem para o caso de aceites minerais e vexetais usados.

ARTIGO 12.

Da conservación e mantemento.

- O acceso ás arcas de depósito manterase en perfecto estado de conservación.
- O mantemento extenderase ó entorno inmediato do Punto Limpo para evitar que se converta nun punto de vertido incontrolado.
- Tomaranse as medidas precisas para evitar a acumulación de augas pluviais no interior dos contenedores. Está prohibida calquera tipo de incineración dos residuos no interior do punto limpo. Habilitarase un espazo para fumadores no interior do edificio. Queda prohibido fumar en todo o recinto exterior do Punto Limpo. Dita prohibición será claramente sinalizada. Preveranse as medidas necesarias para evitar calquera tipo de accidente.
- Os materiais e equipos empregados para a manipulación dos contenedores deberán cumprir as prescricións legais en materia de emisión sonora. Calquera emisión de olor será combatida mediante os medios axeitados.

- O Punto Limpo establecerá as campañas de DDD (desratización. desinsectación, desinfección) pertinentes.

TÍTULO III

INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

As infraccións contra o disposto neste regulamento serán sancionadas de acordo cos artigos seguintes, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais e das que sexan esixibles de acordo con outros regulamentos ou ordenanzas municipais e en especial a ordenanza de limpeza e medio ambiente.

ARTIGO 13

As infraccións cometidas en relación coas determinacións do presente regulamento, clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Son infraccións leves:

- Calquera incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como grave ou moi grave.e en especial as desobediencias ás instrucións do persoal encargado do punto limpo.

Son infraccións graves:

- A reincidencia na comisión de dúas faltas leves que non houberen prescrito de acordo ó disposto no artigo 132 da Lei 30/1992.
-

Son infraccións moi graves:

- A reincidencia na comisión de dúas faltas graves que non houberen prescrito con arreglo ó disposto no artigo 132 da Lei 30/1992.

ARTIGO 14

Unha vez cualificadas as infraccións, estas graduaranse tendo en conta a negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, o incumprimento das advertencias previas da administración, o prexuízo causado e o beneficio obtido coa actividade infractora, consideradas todas elas como circunstancias agravantes ou atenuantes da infracción cometida.

As sancións poderán impoñerse con periodicidade diaria.

ARTIGO 15

O procedemento sancionador será o regulado pola vixente lei de réxime xurídico e do procedemento administrativo común e polo Regulamento do procedemento para a execución da potestade sancionadora.

ARTIGO 16

As infraccións previstas neste regulamento serán sancionadas de acordo coa súa gravidade:

- a) Infraccións leves con apercibimento e multa de 30 a 100 euros.
- b) Infraccións graves con multa de 100,01 a 600 euros.
- c) Infraccións moi graves con multa de 600,01 a 1.502,53 euros.

ARTIGO 17

Tanto o importe das multas coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento.

Os órganos sancionadores poderán impoñer multas coercitivas cando transcorran os prazos sinalados no requirimento correspondente e conforme o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A contía de cada unha delas non superará o 20 por 100 da multa fixada para a infracción cometida.

ARTIGO 18

Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado á restitución das cousas e á reposición ó seu estado anterior, coa indemnización de danos irreparables e perdas causadas no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente.

En todo caso a restitución comporta a obriga de lle devolver á Administración a totalidade do beneficio ilícitamente obtido.

Poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa costa.

ARTIGO 19

A sanción das infraccións administrativas previstas no presente regulamento corresponde ó Alcalde.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non establecido neste regulamento, serán de aplicación ás Normativas e Disposicións promulgadas ó respecto pola Xunta de Galicia e Lexislación do Estado. O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Grove, 25 de outubro de 2005

O ALCALDE

Miguel Angel Pérez García